



MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA PARA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

1.- Antecedentes

A estrutura orgánica da Axencia é a establecida no Decreto 225/2022, do 29 de decembro, (DOG nº 12, 18 de xaneiro de 2023), polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus (DOG nº 34, 19 de febreiro), que determina a existencia dunha Dirección con rango de director/a xeral, cinco Áreas e un Departamento:

- a) Área de Xestión
- b) Área de Programas
- c) Área de Servizos
- d) Área de Centros
- e) Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas
- f) Departamento de Apoio á Comisión Interdepartamental de I+D+i.

A RPT vixente de Gain está recollida nas seguintes resolucións:

- RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de xullo de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 143, 30 de xullo).
- RESOLUCIÓN do 8 de novembro de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de xullo de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 219, 18 de novembro).
- RESOLUCIÓN do 5 de marzo de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de marzo de 2021 polo que se aproba a





modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 52, 17 de marzo).

- RESOLUCIÓN do 24 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de **funcionarización** de postos de traballo do persoal laboral (DOG núm. 120, 25 de xuño).

- RESOLUCIÓN do 14 de febreiro de 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de febreiro de 2022 pola que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 36, 22 de febreiro).

2.- Estudo funcional

A modificación da RPT que se propón ten como obxectivos principais os seguintes:

- 1- Adaptación e actualización da RPT á nova estrutura da Gain coa creación da Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas.
- 2- Modificación da RPT como consecuencia da finalización do proceso de funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia con destino na Axencia.
- 3- Actualización de prazas a consecuencia dos ceses e tomas de posesión derivados da resolucións de ofertas de emprego público.

1 Adaptación e actualización da RPT á nova estrutura da Gain coa creación da Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas.

A Axencia Galega de Innovación está a promover o desenvolvemento dun Polo Tecnolóxico e industrial en torno aos sistemas non tripulados en Galicia coa finalidade de facer da comunidade galega un referente a nivel internacional nesta materia e posicionar a Galicia nun dos sectores de maior potencial de mercado no futuro.





A consolidación do Polo Aeroespacial de Rozas como iniciativa estratéxica da Xunta de Galicia para o desenvolvemento dun novo sector de alta tecnoloxía na rexión mobiliza recursos a nivel autonómico, nacional e internacional públicos e privados. Este investimento canalízase a través de diversos programas e proxectos, executados por parte de Gain mediante instrumentos innovadores de colaboración público-privada enfocados a mellorar a eficacia, eficiencia e a seguridade dos servizos da Xunta. A iniciativa finánciase con fondos propios, FEDER, MRR e fondos achegados por empresas privadas.

A iniciativa ten carácter estratéxico non só por afectar á totalidade das Consellerías da Xunta e por involucrar a outros entes financiadores da Administración Xeral do Estado, senón por supoñer unha transformación económica e social na contorna do aeródromo de Rozas, en Lugo e, en sentido máis amplo, en toda Galicia.

As infraestruturas do aeródromo de Rozas (Castro de Rei) poñen a disposición da comunidade científica e empresarial unhas instalacións únicas, avanzadas e de vangarda para desenvolver novos proxectos de base tecnolóxica no ámbito dos vehículos aéreos non tripulados. Toda esta infraestrutura constitúe un ecosistema orientado á I+D+i ao que tamén contribúe o Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR) que, neste momento, conta cunhas instalacións pioneiras en Europa para a realización de ensaios certificados e para a investigación con vehículos aéreos non tripulados; por exemplo, a torre de control tecnoloxicamente máis avanzada de España.

Agora, de cara ao horizonte de 2025 e co aliciente que supoñen os fondos europeos, a vista estará posta en catro obxectivos: converter o Polo Aeroespacial de Galicia en epicentro da I+D+i aeroespacial na Comunidade; mellorar a eficiencia e a eficacia dos servizos públicos mediante o uso de aeronaves non tripuladas; xerar





capacidades e coñecemento científico básico; e posicionar Galicia e España como un actor global no sector.

Coa finalidade de atender estas necesidade reforzouse a estrutura de GAIN a nivel orgánico de subdirección Xeral.

A Área de Coordinación do Polo Aeronáutico de Rozas que se crea ten dependencia directa da dirección da Axencia e será cuberta mediante libre designación. Serán as súas funcións as seguintes:

1. En relación co CIAR, como centro de investigación mixto creado entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial "Esteban Terradas" (INTA):

- a) Seguimento do cumprimento das obrigas derivadas do convenio de creación do CIAR e coordinación das súas actividades
- b) Promoción do CIAR: promoción das súas infraestruturas, programación e organización de visitas, e as relacións con empresas interesadas nos seus servizos e no uso das súas instalacións e equipamentos
- c) Todas aquelas tarefas que lle asigne a dirección relacionadas co CIAR

2. En relación co Parque Industrial de Rozas:

- a) En coordinación co IGAPE, a xestión e seguimento das convocatorias e procedementos orientados a implantación de empresas e entidades privadas.
- b) A xestión e seguimento dos contratos que se asinen cas empresas que se implanten no mesmo.
- c) A promoción e difusión das actividades que se desenvolvan no Parque.
- d) Calquera outra que se lle encomende no ámbito das súas competencias"

3. En relación coa Civil Uavs Initiative:

- a) Apoio á Área de Xestión nas seguintes materias:
 - Xestión económico-administrativa de todos os programas da Civil UAVs Initiative.





- Licitación dos contratos pertencentes ao ámbito da Civil Uavs Initiative.
- b) O seguimento, monitorización e coordinación das actividades de difusión e comunicación da CUI.

A Civil UAVs Initiative é unha iniciativa transversal que afecta a todas as Consellerías da Xunta e que ten por obxectivo aproveitar a capacidade de compra da Xunta –mediante a compra pública innovadora– para desenvolver o sector aeroespacial en Galicia, focalizándose no segmento dos vehículos aéreos non tripulados e os sistemas asociados aos mesmos. Os obxectivos por tanto son de dous tipos: económicos (creación dun novo sector de alta tecnoloxía na rexión, creación de emprego de calidade e crecemento económico a longo prazo) e de xestión pública (mellora da eficiencia, eficacia e seguridade dos servizos públicos da Xunta).

Na actualidade, as actividades que está a desenvolver a Axencia no marco da Civil UAVs Initiative son:

- **Dirección estratéxica, planificación e programación da Iniciativa.**
- **Deseño de programas e mobilización de financiamento nacional e europeo** para a execución dos programas.
- **Identificación de retos da Xunta susceptibles de mellora**, relacións coas Consellerías e departamentos e deseño de proxectos de UAVs para a mellora dos servizos asociados a estes retos.
- **Deseño de instrumentos para a execución dos investimentos**, en concreto pregos de contratación innovadora e convenios con outros actores do ecosistema de innovación galega.
- **Seguimento e control técnico dos proxectos de I+D** (máis de 60 no período 2015-2020).
- **Seguimento e control financeiro** dos gastos efectivamente realizados no marco de cada contrato e proxecto.
- **Xestión económico-financeira** do financiamento europeo recibido para a execución dos diferentes programas.





- **Xestión do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR)**, centro mixto de investigación co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), incluíndo as relacións con esta institución, o seguimento do seu orzamento anual, a planificación estratéxica do centro e a adquisición de novo equipamento para o mesmo.
- **Xestión do Parque Industrial de Rozas (PIR)**, incluíndo a súa planificación urbanística, urbanización, concesión de terreos a empresas do sector aeroespacial, supervisión das obras propias e de terceiros e xestión diaria do parque.
- **Xestión da aceleradora de empresas do sector aeroespacial (BFAero)**, incluíndo o financiamento da mesma, as convocatorias anuais a empresas, o proceso de avaliación e selección, a supervisión de proxectos e o apoio ao desenvolvemento das empresas seleccionadas.
- **Despregamento dos produtos e solucións** creados dentro da Xunta de Galicia, incluíndo o asesoramento aos diferentes usuarios ata a implantación real das novas solucións.
- **Deseño e seguimento do rexistro dos resultados** intermedios (prototipos, subsistemas tecnolóxicos, etc.) e dos resultados finais alcanzados (produtos e solucións, servizos derivados, patentes, etc.) polas empresas nos proxectos realizados.
- **Xestión documental** e custodia dos documentos estratéxicos e operativos resultado da execución das accións derivadas dos diferentes programas da Iniciativa.
- **Orientación e xestión das accións de comunicación e márketing** da fitos clave e resultados obtidos, tanto a nivel institucional (GAIN, Xunta) como en coordinación con empresas e entidades participantes na Iniciativa (presentacións, discursos, relatorios, xestión da web CUI, reportaxes, entrevistas, artigos, notas de prensa, premios, concursos, etc.), así como organización e preparación de actos institucionais no marco da Iniciativa.





- **Planificación, organización e asistencia a feiras e congresos** nacionais e internacionais para difundir a Iniciativa.
- **Organización de misións internacionais** coas empresas do sector en Galicia, e participación nas devanditas misións, para a internacionalización destas empresas.
- **Deseño e xestión de convenios e acordos** con terceiros para xerar sinerxías e complementariedades en beneficio do sector (Instituto Tecnolóxico de Galicia_ITG, Consorcio Aeronáutico de Galicia_CAG, entre outros).
- **Relacións institucionais no marco da Iniciativa** con outros organismos que participan na Iniciativa ben como financiadores ou, mesmo, como executores de determinadas licitacións: IGAPE, AMTEGA, Ministerio de Ciencia e Innovación, INTA, CDTI, Fundación do Consorcio de Empresarios de Lugo, etc.; e con outras entidades de CCAA e internacionais.
- **Xestión da Comunidade CUI**, mediante a coordinación de accións que fomenten o intercambio de experiencias e canalícese información estratéxica de interese para os seus membros (celebración Foro Técnico CUI, información de axudas públicas existentes, asistencia a feiras e foros nacionais e internacionais para promocionar a Iniciativa, etc.).

A Axencia non contou con ningunha estrutura *ad hoc* destinada á xestión da Iniciativa durante todo o período 2015-2020, distribuíndose a carga de traballo entre as distintas áreas, ás que se suma en xullo de 2019 o Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas.

Unha análise en retrospectiva leva á Axencia a concluír que tanto desde un punto vista de coordinación interna como de representación cara o exterior e de carga de traballo, debía reforzarse a estrutura encargándolle a xestión da coordinación do polo aeroespacial de Rozas a unha Área co rango de subdirección.





Consecuencia das funcións que asume, a Área contará para o desenvolvemento das súas tarefas coa colaboración das restantes unidades da Axencia, principalmente da Área de Xestión e da Área de Programas, así como dos 6 efectivos que traballan no programa Biodiversidade: 2 enxeñeiros industriais, 1 arquitecta, 1 enxeñeiro de telecomunicacións, 1 posto base subgrupo A da escala de finanzas e 1 auxiliar administrativo.

O posto de director/a da Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas cubrirase polo sistema de libre designación e terá as seguintes características:

- Aberto a persoal funcionario doutras administracións autonómicas e da administración xeral do estado.
- Aberto a persoal funcionario da administración xeral e da administración especial.
- Nivel 30.
- Carné de conducir B como requisito indispensable xa que aínda que o posto está localizado en Santiago de Compostela deberá desprazarse regularmente ao Polígono Industrial de Rozas.

2 – MODIFICACIÓN DA RPT DERIVADA DA FINALIZACIÓN DO PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO DA XUNTA DE GALICIA CON DESTINO NA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN.

A consecuencia da funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, a Axencia pasa a ter 26 novos postos base (12 en servizos centrais e 14 no Cis Deseño e Tecnoloxía de Ferrol).

Isto supón un problema múltiple para a organización interna, xa que a mobilidade do persoal funcionario e moi superior á do persoal laboral. Desde a toma de posesión (xullo de 2022) **8 efectivos cambiáronse a postos de nivel superior en servizos centrais** mediante comisións de servizo, xa que non se lles denegou a



movibilidade porque en tódolos casos supuxo unha mellora profesional e económica para as persoas afectadas.

Ao ser titulares de postos base a súa substitución é moi complicada. Desde 2014 a Axencia tan só logrou cubrir postos base C2 en prazas que estaban abertas a outras administracións.

Ao anterior debe engadirse a circunstancia de que nos atopamos nun entorno xeral de un considerable número de prazas vacantes con nivel 18 e 25, o que da lugar a que os postos base non sexan atractivos e polo tanto moi difíciles de cubrir.

A maior abundamento debe mencionarse que a Axencia atópase situada en Conxo, fora dos edificios centrais da Xunta en San Caetano ou San Lázaro, o que como por experiencia sabemos, en ocasións fai as prazas menos atractivas para os concursos de traslados ou para o persoal de novo ingreso.

A modo de exemplo, na Axencia presta servizos persoal funcionario interino desde o ano 2008 e os seus postos ofertáronse en tódolos concursos de traslados ou en ofertas de emprego para o persoal de novo ingreso.

Polo tanto, a Axencia plantea a modificación da súa RPT co fin de crear sete prazas de xefatura de seccións, nivel 25 e dúas prazas de xefatura de negociado, nivel 18, que son todos eles necesarios funcionalmente e que a medio-longo prazo son máis adecuados para estabilizar o número de efectivos da entidade.

A creación destes postos reforzará todas as Áreas da Axencia. Para lograr esta modificación da RPT que desde a Axencia se considera imprescindible para o bo funcionamento da mesma é necesario amortizar postos vacantes puras ou postos non ocupados.



3 Actualización de prazas a consecuencia dos ceses e tomas de posesión derivados da resolucións de ofertas de emprego público.

Durante o ano 2022 resolvéronse as ofertas de emprego dalgúns corpos e escalas que afectaron a postos da Axencia. A consecuencia disto modifícanse dous postos base subgrupo A1 aos que se lles elimina a observación "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo" e ábrese a outras administracións, co fin de facilitar a súa cobertura con persoal de novo ingreso, concurso de traslados ou temporalmente en comisión de servizos.

Persoal funcionario

| Código do posto | Denominación | Niv. | Prov. | Corpo / | Adscr. Adm. P. | Observacións |
|-------------------------|------------------------|------|-------|---------|-------------------|---|
| EI.A11.00.001.15770.010 | Posto base Subgrupo A1 | 20 | C | XERAL | A11 | |
| EI.A11.00.001.15770.010 | Posto base Subgrupo A1 | 20 | C | XERAL | AXG | Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo |
| EI.A11.00.001.15770.011 | Posto base Subgrupo A1 | 20 | C | XERAL | A11 | |
| EI.A11.00.001.15770.011 | Posto base Subgrupo A1 | 20 | C | XERAL | AXG | Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo |

3.- Valoración económica

A modificación proposta implica, xunto coa adaptación da RPT ao decreto de estrutura vixente, a creación de 9 novos postos de traballo con un coste, incluída a Seguridade Social, de catrocentos corenta e oito mil cento corenta e seis euros con vintenove céntimos (448.149,29 €), de acordo co seguinte desagregamento:



| Táboa I- Postos de nova creación | | | | |
|---|-------------------|--------------|-----------------|-----------------------|
| Denominación do posto | Tipo Posto | Nivel | Subgrupo | Custo estimado |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de Sección | Funcionario | 25 | A1 | 53.244,75 |
| Xefatura de negociado | Funcionario | 18 | A2 | 37.716,52 |
| Xefatura de negociado | Funcionario | 18 | A2 | 37.716,52 |
| TOTAL | | | | 448.146,29 |

Para o financiamento da prazas de nova creación propónse a amortización dos postos que de seguido se relacionan:





| Táboa II- Postos a amortizar | | | | | | | |
|------------------------------|-------------------------|------|----------|-------|-------------------|------------------|-------------------|
| Denominación | Código | Liña | Subgrupo | Nivel | Retrib. | Seg-Soc. | Total |
| Posto base subgrupo A1 | EI.A11.00.003.15770.101 | 7066 | A1 | 20 | 32.568,01 | 9.770,40 | 42.338,41 |
| Posto base subgrupo A1 | EI.A11.00.003.15770.102 | 7066 | A1 | 20 | 32.568,01 | 9.770,40 | 42.338,41 |
| Posto base subgrupo A1 | EI.A11.00.003.15770.104 | 7066 | A1 | 20 | 32.568,01 | 9.770,40 | 42.338,41 |
| Posto base subgrupo A1 | EI.A11.00.004.15770.103 | 7066 | A1 | 20 | 32.568,01 | 9.770,40 | 42.338,41 |
| Posto base subgrupo C1 | EI.A11.00.000.15770.010 | 4165 | C1 | 14 | 23.473,33 | 7.042,00 | 30.515,33 |
| Posto base subgrupo C1 | EI.A11.00.001.15770.121 | 4165 | C1 | 14 | 23.473,33 | 7.042,00 | 30.515,33 |
| Posto base subgrupo C2 | EI.A11.00.000.15770.011 | 4165 | C2 | 12 | 20.656,65 | 6.197,00 | 26.853,65 |
| Posto base subgrupo C2 | EI.A11.00.000.15770.013 | 4165 | C2 | 12 | 20.656,65 | 6.197,00 | 26.853,65 |
| Posto base subgrupo C2 | EI.A11.00.000.15770.016 | 4165 | C2 | 12 | 20.656,65 | 6.197,00 | 26.853,65 |
| Posto base subgrupo C2 | EI.A11.00.003.15770.120 | 4165 | C2 | 12 | 20.656,65 | 6.197,00 | 26.853,65 |
| Titulado/a Superior | Sen código | 4023 | Grupo I | | 33.488,24 | 10.046,47 | 43.534,71 |
| Titulado/a Medio | Sen código | 4025 | Grupo II | | 28.330,44 | 8.499,13 | 36.829,57 |
| TOTAIS | | | | | 321.663,98 | 96.499,19 | 418.163,17 |

Comparando as táboas I e II pódese observar que as amortizacións son insuficientes para dotar orzamentariamente a creación dos postos sinalados, con un déficit de **-29.983,11 €**.



Este déficit cubrirase da seguinte maneira:

- 1- Remanente procedente da modificación do decreto de estrutura da Axencia (Táboa III).

| Táboa III - Remanente | | | |
|-----------------------|------------------|-----------------|------------------|
| Postos | Retrib. | Seg-Soc. | Total |
| Amortizacións | 69.994,36 | 20.998,31 | 90.992,67 |
| Nova creación | 57.449,23 | 17.234,77 | 74.684,00 |
| Diferenza | 12.545,13 | 3.763,54 | 16.308,67 |

- 2- Supresión do complemento salarial de singularidade de responsabilidade asociado ao posto EI.A11.00.003.15770.101, aprobado pola Resolución do 8 de novembro de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de xullo de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 219, 18 de novembro, páxina 49000), que ten un importe de 7.357 euros anuais.
- 3- Modificación de crédito por importe de 6.317,44 euros desde a aplicación orzamentaria **2022.06A2.561A.480.0, proxecto 2016-4**, onde existe crédito suficiente e non impide o cumprimento dos obxectivos da Axencia.

Asinado dixitalmente na data que consta na marxe.

A directora

Patricia Argerey Vilar

